

Luz Pozo Garza



Luz Pozo Garza, é una poeta Galega, Nada en Ribadeo no ano 1922. Desde 1996, é membro da Real Academia Galega. Orixinaria dunha familia de clase media con ascendencia nobre. Sendo ela unha nena mudáronse do seu Ribadeo natal para Viveiro. Durante a guerra civil, o seu pai, militante de Izquierda Republicana, foi detido e encarcerado en Lugo, cidade á que tivo que mudarse a familia, e despois, tamén, a Larache (Marrocos). Xa en 1940, estarán de volta en Viveiro. Durante eses anos de posguerra, Luz dedícase ao estudo da carreira de piano, concluíndo o nivel superior en 1949 no conservatorio da Coruña. Desde máis pequena xa iniciara o aprendizaxe con diversos instrumentos (piano, violín, laúd). Esta formación musical deixará unha clara pegada na súa linguaxe poética. En 1946 obtén o título de Maxisterio, e dedícase ao ensino primario. Posteriormente, en 1963, obtén a licenciatura en Filoloxía Románica pola Universidade de Oviedo. Aproba as oposicións para o ensino secundario en 1964, iniciando unha singradura que a levará impartindo clases por Badaxoz, Corcubión, A Coruña, Nigrán e Vigo. Xubíbase en 1982, e actualmente, reside na Coruña.

Como escritora, desenvolveuse no campo da poesía e do ensaio, maioritariamente en galego, pero tamén en castelán. Os seus primeiros poemarios foron escritos en castelán: *Ánfora* (1949), *El vagabundo* (1952). A súa primeira obra en galego, *O paxaro na boca* (1952) xa a situaron na vangarda literaria do noso país, sendo a nosa lingua a que usará con maior frecuencia na súa obra a partir de entón. A súa é unha poesía onde predomina a inquedaanza existencial, o amor, a patria, a liberdade. Definida como sensual e musical, e influenciada pola de Luís Pimentel. Outras obras a destacar son: *Cita en el viento* (1962), *Últimas palabras/ Verbas derradeiras* (1975) co que racha todas as convencións ortográficas, *Concerto de Outono* (1981), *Códice Calixtino* (1986), *Prometo a Flor de Loto* (1992), *Vida secreta de Rosalía* (1996), *Ribadeo, Ribadeo* (2002), *Medea en Corinto* (2002).

Como ensaísta publicou *Álvaro Cunqueiro e 'Herba de aquí e de acolá'* (1991) *A bordo de 'Barco sin luces'* (1994) sobre Luís Pimentel, *Galicia ferida (A visión de Luís Seoane)* (1994), *Ondas do mar de Vigo: Erotismo e conciencia mítica nas cantigas de amigo* (1996).

As súas obras foron traducidas a diversos idiomas: portugués, catalán, francés, inglés, alemán, húngaro, ruso e xaponés. Ademais tivo grande importancia na súa actividade como editora, que comezou coa revista *Nordés, revista de poesía y crítica*, que codirixiu con Tomás Barros (1975-1976) e despois pasou a dirixir en solitario durante vinte e dous números máis. Esta revista foi unha eficaz plataforma para dar a coñecer a novos poetas galegos e portugueses, así como informar sobre as novidades referentes ao ensaio e narrativa breve en galego. Na actualidade dirixe *Clave Orión*, que trata sobre poesía arte e música universais. Ela tamén colaborou e colabora nestas revistas, así como outras nacionais ou estranxeiras: *Las Riberas del Ero*, *La Noche*, *Poesía Española*, *Ínsula*, *Vida gallega*, *Ateneo Ferrolán*, *Galeuzca*, *Grial*.

Recibiu, entre outros os premios da VII Festa da Cantiga (1974), Tomás Barros de ensaio (1990), primeiro Premio de poesía da Deputación da Coruña (1992), premio de gallegas distinguidas (1994), Medalla Castelao (1995), o premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega (2001) con dedicación adicional de un monolito e unha rúa en Ribadeo en colaboración co Concello de Ribadeo e a Xunta de Galicia, o premio Celanova. Casa dos poetas (2001) e o premio Galicia en Feminino:

A cunca. Escolma de persoeir@s

Premio á participación artístico cultural das mulleres (2002). Os concellos da Coruña e da Pobra do Caramiñal tamén lle dedicaron unha rúa. É membro correspondente da Real Academia Galega desde 1950, e numeraria desde 1996.

Bibliografía:

Real Academia Galega. Membros da Academia. www.academia.gal

Literatura escrita por mujeres. www.escriptoras.com